



NOTA INFORMATIVA

VOLUNTARIOS COVID -19

Nos termos das Ordes Ministeriais SND/232/2020 e SND/299/2020 e co obxecto de centralizar toda a información relativa ás persoas que, non estando a prestar servizos no Sistema Público de Saúde de Galicia, de modo voluntario desexan manifestar a dispoñibilidade para prestar a súa colaboración na atención sanitaria derivada do COVID-19, facilítase o seguinte enderezo de correo electrónico:

seleccion.politicas.persoal@sergas.es

As persoas interesadas deberán remitir un correo ao enderezo indicado no que deberán facilitar a seguinte información:

- ✓ **Titulación sanitaria/especialidade que posúen ou condición de estudante de titulación académica do ámbito sanitario, universitaria ou de formación profesional no último ano de formación.**
- ✓ **De ser o caso, área/s sanitaria/s de preferencia para a prestación da colaboración.**
- ✓ **Teléfono de contacto.**
- ✓ **Calquera outro dato que consideren de interese.**

De resultar necesaria a súa colaboración, o Servizo Galego de Saúde porase en contacto, de forma individualizada con cada un dos/das profesionais voluntarios/as.

MOITAS GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN

DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS